


As sete caras da pedra

: 00000415
: Araúxo, Emilio
: As sete caras da pedra
: Nume
: 978-84-92792-51-1
:

Estantes da Serra de Queixa aumentados con algunhas frases de Claude Royet-Journoud

: 13,00€



:

132pp
13x20

Son homes de pedra, estantes, muradellas, amanzóns. Amoreamentos con aires de tótem e aura pagana pero de construción recente. Coas imaxes fotográficas que Emilio Araúxo lles extraeu ao longo de 20 anos e os textos do poeta francés Claude Royet-Journod, un libro recolle as esculturas dos pastores da Serra de Queixa e o Val de Conso. "Son a nosa cara de pedra", expón Araúxo (Coles, 1946), "veñen de lonxe e son siluetas de voz queimada". Para o volume, que en setembro aparecerá baixo o selo editorial Toxosoutos, o propio fotógrafo escolleu un longo e explicativo título, disposto tipograficamente en vertical: Estantes, amanzois, muradellas, homes de pedra e outros dos máis tempos nomes perdidos de Queixa e do Val de Conso aumentados con algunhas frases de Claude Royet-Journod tiradas da nosa correspondencia. As peculiares construcións proceden do labor comunal dos coidadores de gando. Das súas mans medraron estes monolitos anónimos -"os máis deles non llos viron empezar a ninguén", explica Araúxo, "outros teñen uns 50 anos"- que puntúan os cordais ourensáns. Pero non só. Estes acenos de pedra tamén agroman na Serra da Estrela ou na Serra Amarela, de Portugal, en Francia, Alemaña, Irlanda ou en Canadá, Groenlandia, Mongolia ou o Xapón. "Estas pedras chairas que se erguen como enigmáticos tótems", arrinca o seu escrito Claude Royet-Journod (Lyon, 1941), "ou mesmo pregarías, libros amoreados para unha lectura futura e improbábel". O francés, traducido ao galego e editado por Araúxo en Amastra-n-gallar, elabora unha prosa que asexo o inestábel sentido dos estantes de pedra dunha perspectiva poética, fundada en Mallarmé: "Espetadas na terra e erguéndose como unha arma, láminas de pedra forman unha moi estraña procesión nese lugar devastado". Da admiración de Emilio Araúxo por Uxío Novoneyra emerxeron as conversas de Dos soños teimosos. E neste rexistro dos homes de pedra ecoa o materialismo toponímico dos poemas d'"Os Eidos: "No libro [70 fotos] espellan o amanzón do Lombo de Aceal, do Tombeiro do Cágado, as muradellas da Cagalla, o home de pedra do Corgo do Cabalo, as Agulladas...". Son outros rastros para o labor do escritor Araúxo: testemuñar a desaparición da vida rural.

Nume:

Prosa e verso da literatura galega